



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCAN AS ASOCIACIÓNS DE MULLERES E AS FEDERACIÓNS CONSTITUÍDAS POR ESTAS PARA O PROCEDEMENTO DE RENOVACIÓN DAS VOGALÍAS QUE LLES CORRESPONDEN NO CONSELLO GALEGO DAS MULLERES

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “Proxecto de Orde pola que se convocan as asociacións de mulleres e as federacións constituídas por estas para o procedemento de renovación das vogalías que lles corresponden no Consello Galego das Mulleres”, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Disposición adicional quinta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, creou o Consello Galego das Mulleres como un órgano colexiado e institucional de Galicia, de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade. Posteriormente, o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, regula o establecemento da súa natureza, fins e composición, adscribíndoo ao órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade.

Entre as finalidades do Consello Galego das Mulleres está a de ofrecer unha canle de participación efectiva ás mulleres, a través das asociacións e entidades representativas dos seus intereses no desenvolvemento e aplicación do dereito á igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a discriminación, recollendo as súas reivindicacións e propostas dirixidas á consecución de tales fins, así como actuar como interlocutor ante a Administración autonómica e ante calquera institución ou entidade de carácter público ou privado, para o desenvolvemento de políticas públicas e medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, e á erradicación da violencia de xénero.



2. Necesidade e oportunidade

Para a consecución destes obxectivos, no Consello Galego das Mulleres deben estar representados os sectores máis relevantes que actúan no eido da igualdade. O Decreto 157/2012 establece directamente a participación e forma de designación dos/as vogais representativos/as das Administracións públicas, autonómica e local de Galicia e das organizacións sindicais e empresariais. En relación coas asociacións e federacións de mulleres, o artigo 4 do antedito Decreto asígnalles 15 vogais, o artigo 6 establece que para o procedemento de elección destas vogalías a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza convocará o proceso de presentación de candidaturas e de votación e o artigo 7 dispón que o mandato dos/as integrantes do Consello Galego das Mulleres que non participen nel por razón do seu cargo terá unha duración de catro anos, renovable por iguais períodos de tempo.

No Diario Oficial de Galicia de 3 de setembro de 2013 publicouse a Orde do 26 de agosto de 2013 pola que se convocan as asociacións de mulleres e as federacións constituídas por estas para o procedemento de elección das vogalías que lles corresponden no Consello Galego das Mulleres.

O 5 de marzo de 2014 constituíse o Consello Galego das Mulleres e o mandato das persoas representantes das ditas entidades vence aos catro anos, é dicir o 4 de marzo de 2018. De acordo co exposto, esta orde ten por obxecto efectuar a convocatoria para a renovación das correspondentes vogalías e regular o procedemento de elección.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta debe acomodarse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, a Secretaría Xeral da Igualdade, centro directivo impulsor, remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria explicativa (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro)
- Unha memoria económica (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

- Unha táboa de vixencias (artigo 41.2 d da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia así como á Confederación Intersindical Galega (CIG), á Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), á Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UXT), ó Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e á Confederación de Empresarios de Galicia.

Consta no expediente o informe da Secretaría Xeral da Igualdade sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública, téndose presentado alegacións polas seguintes entidades: Asociación Executivas de Galicia, Asociación Mujeres en Igualdad Burela, Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), Asociación de Mulleres Velaluz, Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural (AGRA), Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores y Usuarios, Asociación Rede de Mulleres Veciñais

contra os Malos Tratos de Vigo, Confederación de Empresarios de Galicia e Confederación Intersindical Galega.

De conformidade co disposto nos artigos 42 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e o informe sobre cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Segundo o artigo 6 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as disposicións de carácter xeral que regulen procedementos a instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Administración Xeral de Comunidade Autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico, deberán contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia. Este informe foi emitido en sentido favorable o 8 de marzo de 2018.

O 14 de maio de 2018 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de orde.

O 15 de maio de 2018 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde.

Finalmente, o 11 de setembro de 2018 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe favorable sobre a súa legalidade.



4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este Proxecto de Orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

A persoa titular da Secretaria Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza